

PREMIOS VIDA SAUDABLE E SOSTIBLE



Cal é o obxectivo destes premios?

Fomentar os hábitos saudables de toda a comunidade educativa do IES Leiras Pulpeiro.

Quen pode participar?

Todo o alumnado do centro.

Como podes participar?

Enviando as túas fotografías a través da Aula Virtual no Curso “Premios Vida Saudable e Sostible”. Cada alumno/a poderá enviar un máximo de 5 fotos (cantas máis temáticas combines mellor!). Cada imaxe deberá ir acompañada dunha pequena descrición.

Cales poden ser os temas das fotografías?

- *Comendo saudable: participando en “O meu taco é saudable”, comparte as túas mellores fotos da comida que traías para os recreos. Tamén podes compartir imaxes comendo san coa familia ou con amigos/as. Consulta o díptico “Almorzos e Merendas saudables”!*
- *Facendo deporte: participando nos “Patios Activos”, ou realizando actividade física fóra do centro, individualmente ou en equipo.*
- *Respectando e gozando do medio natural: empregando o composteiro do noso centro, desfrutando do noso xardín ou calquera outro espazo natural coa familia ou amigos/as.*
- *Participando noutras actividades propostas durante os períodos de lecer na I Feira de Primavera.*

Prazo de participación

Do 2 ao 8 de maio

Agasallos

Entre os alumnos/as máis participativos sortearanse tres lotes de materiais deportivos.